





# Ruta de Castañoso

Tipo: CIRCULAR  
 Dificultade: MEDIA-ALTA  
 Distancia: 6.200 m.



Esta ruta parte do pobo de Castañoso, lugar eminentemente rural, con construcións típicas galegas, ademais de numerosos hórreos de influencia asturiana con planta cadrada e cuberta piramidal, de palla ou lousa, rematados cunha pirula. No zarrado, ou corpo, ás veces posúen un corredor no que as mazarocas de millo dan unha fermosa nota de cor.

Collemos o camiño da esquerda, un sendeiro que no seu primeiro tramo é de baixada, por un antigo paso de carro ata chegar ao cortín de Monteagudo, construción circular feita de pedra, e que servía para resgardar os trobos dos ataques dos osos. Seguimos o sendeiro de baixada, algo dificultoso ao seu paso pola coñecida "calle dos mouros", e que nos leva a entrada do castro de Castañoso, pasando antes polos impresionantes cortíns de López e de Villar. O castro de Castañoso destaca pola súa



conservación, xa que son numerosas as paredes e "calles" que a simple vista

se observan. Situado entre as marxes dos regos das Covas e o de Valdobarreiro.



Volvemos sobre os nosos pasos, para continuar a ruta, esta vez collendo o sendeiro da

esquerda internándonos nun bosque cada vez máis espeso e frondoso, e que nos leva polo antigo camiño que levaba dende Castañoso ata a capela do Santiago, hoxe en día en estado de abandono, pero en medio dun inmellorable marco natural, rodeada de un



gran número de corrizas, o que fai constatar o aproveitamento comunal dos soutos.

Baixaremos ata o Muíño de Penallo, actualmente en estado de abandono, pero cun entorno incomparable, para elo,

teremos que cruzar o rego das Covas por unha ponte de madeira dende a que se pode observar unha pequena pero marabillosa seimeira.

Deixaremos atrás o souto, para comezar a subida ao pobo de Castañoso, punto final da nosa andaina.

